

As formas da interliterariedade de Đurišin*

Pavol Korprda

[Recibido, maio 2006; aceptado, xullo 2006]

RESUMO Ao pasar da fase “comparatista” á “interliteraria”, Dionýz Đurišin estaba a madurar o concepto da historia da literatura como central da disciplina da ciencia literaria. Ao mesmo tempo era consciente de que, para chegar a ese estatuto, a historiografía da literatura debía asumir algúns criterios que potenciasen a súa capacidade para apreñender a complexidade do proceso literario. Para Đurišin o proceso literario organizábase desde o concepto idealisticamente amplo (próximo ao semiótico, dun universo semántico global) da literatura como totalidade xerarquizada de relacións xenéticas e tipolóxicas. A este obxecto ideal, nunca revelábel completamente, o historiador da literatura aproximábase considerando cada conxunto de relacións como parte dun todo máis amplo. O historiador da literatura procede indutivamente, é dicir, non se parte das “ideas da literatura” xa dispoñíbeis (A. Marino), senón que reconstrúe o efecto sincronizante que producen sobre todo as formas expresivas. Đurišin, porén, non exclúe a función sincronizante dos condicionamentos extraliterarios, algo que pode ser criticábel. É alleo á bifurcación “literatura nacional” — “literatura comparada”, portadora de tantos vicios da nosa disciplina. Se o obxecto da interliterariedade é o de redescubrir a funcionalidade, nun momento concreto, do sistema ideal da literatura mundial, a interliterariedade como sistema científico debe extraer as consecuencias oportunas, organizándose a si mesma como sistema en conformidade ao devandito obxecto.

ABSTRACT When he moved from the ‘comparatist’ phase to the ‘interliterary’, Dionýz Đurišin was conceiving the notion of literary history as being central to the discipline of literary study. He was aware, nevertheless, that in order for this to gain acceptance, literary historiography, would have to adopt certain criteria which would increase its ability to comprehend the complexity of the literary process. For Đurišin the literary process is organized from the idealistically broad concept (close to semiotics in the general area of semantics) of literature as a hierarchically-organized system of genetic and typological relationships. The literary historian approaches this ideal system, which can never be fully apprehended, by taking each group of relations-

* Tradución do italiano de César Domínguez.

hips as part of a greater whole. He proceeds inductively, that is, not starting with pre-existing 'ideas of literature' (A. Marino), but by reconstructing the synchronizing effect produced principally by expressive forms. However Ďurišín does not exclude this synchronizing function from extraliterary influences, a view with which one could argue. He shuns the opposition 'national literature' — 'comparative literature', responsible for so many misapprehensions in our discipline. If the objective of interliterarity is to rediscover the functionality, at a particular point in time, of the ideal system of world literature, then interliterarity as a scientific system should adopt the logical consequences and organize itself as a system in accordance with that objective.

Ao pasar da fase “comparatista” á “interliteraria”, Dionýz Ďurišín estaba a madurar unha concepción da historia da literatura como núcleo da ciencia literaria. Ao mesmo tempo era consciente de que para chegar a ser ese núcleo, a historiografía da literatura debía asumir algúns criterios que potenciasesen a súa capacidade de captar a complexidade do proceso literario¹.

Na primeira fase da súa obra teórica, que se inicia en 1967, Ďurišín acepta a grandes trazos a posición complementaria da literatura comparada con respecto á historiografía da literatura. Do segundo período destaca un traballo programático de 1976, situado na apertura do seu volume *O literárnych vzťahoch: sloh, druh, preklad*². O autor somete a crítica o mesmo concepto de comparatismo, como fixeran antes Étiemble e Wellek (aínda que con froitos diversos), incluído o propio descubrimento da preeminencia do suxeito que recibe e transforma un pulo creativo. E todo isto en nome da unidade do sentido de calquera fenómeno literario, que é o de funcionar sobre o transfondo da literatura mundial ou, mellor dito, sobre unha totalidade de relacións nun momento concreto: a súa imposición sobre esa totalidade. Non existe outro obxecto da ciencia literaria que a reconstrución do aludido sentido do proceso literario. A comparación resulta secundaria. Cambia o paradigma. É este cambio o que aquí se pretende presentar³.

¹ Este artigo forma parte do proxecto de investigación SAV: Koncepcie medziliterárnosti v porovnávacjej literárnej vede -proxecto VEGA 2004- 2007, n. 1/2232/05.

² D. Ďurišín, *O literárnych vzťahoch: sloh, druh, preklad* [Sobre as relacións literarias: as grandes correntes literarias, o xénero, a tradución], Bratislava: Veda, VSAV, 1976, pp. 8-36.

³ A fase “comparatística” de Ďurišín foi estudada en Eslovaquia por Ivan Cvrkal: “D. Ďurišín azáklady modernej slovenskej komparatistiky”, en P. Koprda (ed.), *Literatúry ako súčasť medziliterárnych spoločenských / Les littératures singulières en tant que partie des communautés interlittéraires*, Nitra: FF UKF, 2003, pp. 123-129; Marián Gálik, “La ricezione dell'opera di Dionýz Ďurišín nello studio letterario occidentale”, en D. Ďurišín, A. Gnisci, *Il Mediterraneo. Una rete interletteraria*, Roma: Bulzoni, pp. 215-223.

O noso autor sostén e apoia con maior énfase especialmente desde 1976 unha posición dun historicismo literario ancorado non xa na cultura, senón garantido pola “literatura mundial”. Ao elaborar este concepto a partir dos piares da “poética histórica”, baséase dunha forma específica na idea de “proceso estruturado”⁴. Por proceso non entende “os procesos” dos formalistas⁵, nin o desenvolvemento da comparatística á procura dun *movens* concreto, garantido e privilexiado, do dinamismo, un principio dos estruturalistas con Mukařovský ao fronte, nin unha “procesualidade”⁶ como oposición ao estatismo estruturado, nin moito menos entende proceso como “evolución” positivista ou causal ou sociolóxica. Para el o proceso literario organízase a partir do concepto idealistamente vasto (preto do semiótico, dun universo semántico global) da literatura como totalidade xerarquizada de relacións xenéticas e tipolóxicas (que está en vigor de dúas formas: como un ente ideal e como literatura mundial “visíbel”, se ben limitada, presente nas relacións xenéticas e nas analogías que posúe cada fenómeno literario, nos niveis historicamente concibíbeis, a partir dos niveis inferiores á obra literaria, pola memoria dun xénero, dunha escola ou xeración, até a “comunidade interliteraria específica”). Aínda que o noso autor non o di, podería ser útil arriscarse a afirmar que o funcionamento da mundialidade do impulso se explica a partir da substancia estética dos fenómenos literarios como a entenden os formalistas, de feito que, en definitiva, cada fenómeno literario “necesita” ser percibido “máis amplamente”, o que non se dá se non se opera un cambio que o aproxime a outros fenómenos literarios dun xeito até ese momento non ben evidenciado, de tal maneira que

⁴ Concepto de Veselovskij reelaborado por Mikuláš Bakoš (mestre de Ďurišín), presentado no ensaio “Historická poetika a literárne dejiny” [A poética histórica e a historia da literatura] con ocasión do VI Congreso de eslavistas celebrado en Praga o 8 de agosto de 1968. Varias veces reeditado, agora pode lerse en M. Bakoš, *Literárna história a historická poetika*, Bratislava: Slovenský spisovateľ, 1973, pp. 13 e seguintes.

⁵ “A arte ten por obxectivo facernos sentir as cousas como feitos de percepción, non de coñecemento. A arte procede particularizando as cousas, facendo a forma máis difícil, máis difícil e máis prolongado o acto de percepción, xa que na arte o proceso de percepción é a finalidade autocéfala e debe ser prolongado. A arte é o modo de familiarizar o facerse das cousas, pero o xa feito na arte non é importante” (V. Šklovskij, “Iskusstvo kak prijom”, en *Sborniki po teorii poetičeskovo jazyka. II*, San Petersburgo, 1917. Agora pode lerse en *Teoría literatúry. Výbor z formálnej metody*, ed. de Mikuláš Bakoš, Trnava: Fr. Urbánek a spol., 1941, p. 53.; “Se a ciencia literaria quere ser ciencia, debe recoñecer o seu ‘protagonista’” (Roman Jakobson, “Problémy poetiky”, traducido do eslovaco: *Výbor zformálnej metody*, op. cit., p. 69); “Como contrapeso do binomio forma vs. contido xordeu outra división, entre materia e procedemento, motivada polas particularidades que son propias da obra de arte en canto obxecto de estudo estético” (V. Žirmunskij, “Tarefas de poética” (1921, citado do eslovaco: V. Žirmunskij, *Problemi di poetica*, Bratislava: Tatran, 1969, p. 21).

⁶ “A ciencia literaria non ten por obxecto a literatura, senón a ‘literariedade’. É dicir, todo aquilo que fai que unha obra literaria sexa tal”. R. Jakobson, “Problemas de poética”, cit., p. 69.

sexa manifesta a función dese fenómeno en canto integrado nun ambiente máis vasto. Cada fenómeno literario posúe deste xeito unha certa porción de relacións. Por iso, a totalidade das relacións, é dicir, a mundialidade, por máis que non é coñecida por definición, está sempre latente en cada fenómeno literario. Por totalidade das relacións enténdese as relacións históricas reveladas como contactos e analoxías con outros textos. Así, convértense en obxecto da historia da literatura os procedementos empregados polo autor para conseguir unha expresión concreta e como se comporta ese autor na actualización e cales relacións de semellanza ou analoxía se albiscan alí e onde apunta todo isto con relación ao estilo dominante do período. A interliterariedade ou a teoría do proceso literario é para Ďurišín unha vía aberta na que a ciencia literaria, é dicir, a historia e a teoría, pode facer valer os seus propios fins ideais (os fins en sintonía coa natureza da literatura). O investigador do proceso interliterario debe tomar en consideración para cada fenómeno literario o mundialismo⁷, é dicir, a totalidade das relacións xenéticas⁸, presente dun xeito particular e parcial, como unha suma limitada de relacións localizábeis que o fenómeno literario contrae coas outras obras, coas outras categorías do proceso literario, perseguindo integrarse en procesos máis amplos e quizais impoñerse como norma. Mentres que a poética histórica de Bakoš establece como un móbil do proceso literario un desequilibrio provocado no seo polo cambio producido no plano da expresión nun determinado período, e sobre todo despois dos desprazamentos no nivel dos xéneros literarios, a “poética histórica”, como a entende Ďurišín, propónse respectar a presenza en cada fenómeno literario do ideal da literatura mundial. Por isto un investigador do proceso interliterario

⁷ Da mundialidade, aínda que alterando o argumento, falo en P. K., “La Mondialité de la littérature chez Ďurišín”, en *Koncepcie svetovej literatúry vepoche globalizácie / Concepts of world Literature in the Age of Globalisation*, Bratislava: ÚSL SAV, 2003, pp. 65-90.

⁸ Aínda que Ďurišín nega que o formalismo forme parte do seu sistema interliterario, os novos conceptos de como comprender a literatura son tomados silenciosamente daquela tradición (como non podía ser doutro xeito, xa que se serve da poética histórica de Bakoš, profundamente influída polo formalismo). As propiedades xenéticas dun texto literario son as relacións con outras categorías que se instauran no momento do acto creativo (ou introducidas por vía dunha actividade interpretativa a continuación). Esta é outra herdanza do formalismo: “Saen á palestra non xa as cuestións de evolución, nin sequera no sentido no que foi concibida até agora, senón os feitos da xénese. Emerxe para a ciencia literaria un novo problema teórico: cal é a relación entre os feitos do desenvolvemento literario e os feitos da vida literaria [...]. Noutras palabras, preséntasenos con novas roupaxes a pregunta que é o feito literario [...]. O sistema tradicional histórico-literario entendía evolución e xénese como conceptos sinónimos, o que facía que se evitase dar unha resposta á pregunta de que é o feito literario. De aquí xorde a teoría inxenua da consecuencia, da “influencia” como un inxenuo biografismo individual-psicolóxico”. Iuri Tinianov, “Vopros oliteraturnoj evolucii”, *Na literaturnom postu*, 1927, n° 10. Traducido do eslovaco en *Teoría literatúry...*, op. cit., pp. 126 e seguintes.

ten en todos os casos que considerar *ex novo* os elementos que se substitúen para provocar un cambio no seo do período literario, por que os cambios se verifican, con que probabilidades, con que consecuencias para a totalidade do proceso, etc., sen limitarse ao xénero literario, nin moito menos aos contactos e influencias.

Desde os mesmos inicios da historia da literatura, ao “proceso” dánelle as rendas das clasificacións xa existentes dos fenómenos literarios, sistematizacións que teñen como resultado unha metalinguaxe ou metalinguaxes que esclerotizan calquera proceso do pasado, do presente e posibelmente por anticipación tamén do futuro. Mellor dito, as sistematizacións acreditadas crean a ilusión de que máis alá das descrições en aparencia exhaustivas se atopa un baleiro das decisións do autor, das relacións, dos valores, dos procedementos, das estruturacións e funcionalizacións. As consecuencias non son outras que aquelas coñecidas que acompañan o eurocentrismo (a imposición das periodizacións locais ao resto do mundo, o “*slavica non leguntur*”, é dicir, o desinterese por todo aquilo que excede os límites do “descrito”, a súa non existencia con respecto ao canon), sexa pola irrupción do nivel comparado como autónomo, algo engadido ás liñas profundas de desenvolvemento, xa antes evidenciadas pola historiografía nacional: diplomacia internacional.

93

Por “ciencia literaria” o noso autor non entende o comparatismo “internacional”, senón o uso pleno, consciente e eficaz dos instrumentos de análise xenética e tipolóxica por parte do historiador da literatura. Coñecer un fenómeno literario significa coñecer as súas potencialidades procesuais que poden ser introducidas nel no momento da súa xénese. De todos os xeitos, existe un modo máis particular de concibir “a xénese”, que pode ser útil para entender “a xénese” de Āurišin. Por xénese (segundo os formalistas) enténdese “os procesos” (“*les procédés*”), as formas ou as expresións dados ao texto no momento da súa creación para facer vivas estas relacións do texto co estilo dominante do período, procuradas polo autor. Āurišin desexa que entre os instrumentos de análise xenética non se introduzan aqueles que conducen á imaxe da “evolución”, senón ao do “proceso”: desexa que non se basee sobre a dependencia do texto da índole ou psicoloxía do autor, nin que se sirva da arbitrariedade dos criterios, típica da crítica literaria, nin se limite á categoría literaria que se está tratando ou a un número limitado de categorías que “saltan fóra” ao escrutar o texto, senón que se tome en consideración as categorías na súa posíbel complexidade no período e non como tales, senón como

argumento que debe ser estudado na súa funcionalidade no nivel nacional e interliterario. Ao cumprir estas esixencias chegaremos a saber cales son as relacións, os vínculos nacional-literarios e interliterarios dun fenómeno literario, sen necesidade de recorrer a un método explicitamente comparativo.

Ao repensar a disciplina nestes termos, o noso autor sèrvese do modelo de A. N. Veselovskij e o seu método indutivo (“chégase a revelar a beleza da literatura reconstruíndo a súa historia”) de estudar as cuestións histórico-literarias na complexidade das súas relacións co obxectivo de descubrir unha xénese do fenómeno non restrinxida e non simplificada; reivindica a necesidade da historia literaria como poética histórica, consagrada a estudar os fenómenos literarios desde o punto de vista do seu funcionalismo —como se transforman en categorías que se ofrecen para ser empregadas como criterios de visión sincrónica do proceso literario (e como, á inversa, perden esta función, substituídas por outras)⁹. É así como este desexo firme de captar o proceso literario como fenómeno sincrónico-diacrónico (teorizado por M. Bakoš, mestre de Ďurišin) é superposto a calquera razoamento sobre a interliterariedade¹⁰. Superponse aos xuízos sobre a nacionalidade-interliterariedade, influencia-recepción, comparación-escrutinio histórico, aos xuízos sobre as particulares concepcións da literatura comparada no seu desenvolvemento histórico, ao xuízo sobre a relación que debe haber entre a historia da literatura e a teoría interliteraria. Sobre todo isto unha palabra válida e respectada polo noso autor

⁹ Estamos próximos ao concepto histórico da metalinguaxe de U. Eco: “os suxeitos empíricos poden empregar metalingüisticamente os códigos precisamente porque non hai metalinguaxe: porque todo nun sistema autocontraditorio é metalinguaxe”. U. Eco, *Trattato di semiotica generale*, Milano: Bompiani, 1975, p. 378. Nesta cita resulta útil tamén o concepto “sistema autocontraditorio”. De feito, a “literatura mundial” como é entendida por Ďurišin é un termo que garante o carácter autocontraditorio do proceso literario, a posibilidade de que nel “a linguaxe” se converta en “metalinguaxe” e viceversa; noutros termos, garante o tratamento indutivo (“sincrónico-diacrónico”) da historia da literatura. Se non existise “a mundialidade”, o concepto da historia da literatura veríase comprometido polas regras metahistóricas, metalingüísticas, apriorísticas, autónomas e superpostas ao mesmo proceso.

¹⁰ “A poética histórica permite poñerse a resolver un dos problemas fundamentais, polo de agora non resoltos, da ciencia literaria. Prepara os presupostos dunha síntese da aproximación estrutural e histórica aos fenómenos da literatura e así fai posíbel unir nos estudos literarios sincronía e diacronía. A poética histórica é por tanto aquel campo de coñecemento científico no que se atopan e unen o aspecto estático (sistémico) e dinámico (procesual) da ciencia literaria. Se a literatura ten unha historia externa que explica o seu condicionamento nas relacións extraliterarias (sociolóxicas, ideolóxicas, xeralmente culturais, psicolóxicas, etc.), en tal caso a poética histórica procesual representa o campo dominante da historia interna da literatura, aclara o condicionamento inmanente do seu desenvolvemento, campo sui generis. Deste modo a poética histórica é unha zona central da historia literaria, aquela que descobre e analiza os problemas centrais da literatura en canto arte”. M. Bakoš, “Historická poetika aliterárne dejiny”, en M. Bakoš, *Literárna história...*, op. cit., pp. 13-14.

foi dada nos anos trinta do século XX polo comparatista e eslavista checo Frank Wollman¹¹.

Pór por enriba de todo a idea dunha historia como imaxe posibelmente máis completa das leis do dinamismo intrínseco á literatura, non significa dar preferencia á historiografía literaria. É máis, esta última, se non se sostén sobre unha teoría xeral do proceso literario estruturado, sofre de propostas dunha procesualidade apresurada, restrinxida ás liñas de desenvolvemento ou nacional ou por autores, por xéneros ou polos *topoi* comúns, etc. Atopámonos no punto en que é necesario captar na riqueza das súas promesas: sempre é mellor como punto de partida da teoría interliteraria este –malia que aínda defectuoso– “historicismo procesual”, e non o comparatismo clásico, que, por outra parte, tense declarado “ciencia autónoma” comparativa en resposta precisamente a ese defecto das historias literarias procesuais “redutivas”. Estas, a pesar das limitacións, por exemplo nacional-literarias, intentan reconstruír a xénese dos modelos de desenvolvemento e a súa sucesión, é dicir, a mutación parcial en relación cos conseguintes cambios dun todo, dun conxunto de funcións a nivel nacional-literario, interliterario ou mundial. O obxecto da ciencia literaria así establecido correspóndese moito máis coa natureza da literatura que co intento de facer máis complexa a imaxe “evolutiva” *via comparatione*.

95

Da forma na que o noso autor resolveu a encrucillada entre a historia da literatura e a “literatura comparada”, é dicir, do feito de ter dado preeminencia non á exhaustividade de datos nin a unha causalidade inmediata resultado da influencioloxía, senón ao coñecemento posibelmente exhaustivo da “regularidade” do proceso interliterario (“regularidade” como expresión vehiculante na que hai que considerar as categorías literarias nas súas interrelacións e polos seus vínculos coa estilística dominante do período) derivase tamén un

¹¹ “Témonos dado conta da importancia da estrutura en canto concepto dinámico, explicativo [...] A estrutura como posíbel facultade creativa impoñese sobre todo como concepción do unitarismo. Así fai que nosn afastemos do atomismo comparatista de antes (materia, tema, motivo, idea e incluso os así chamados compoñentes) e da persecución infrutuosa de todo isto polo globo terrestre. Da estrutura como posíbel facultade xorden outros criterios, por exemplo a función dos compoñentes, as dominantes, a elección dos medios creativos. Pero todo isto chega a cobrar sentido a través do concepto da forma imanente. Por iso a poética procesual, sexa no ámbito da ciencia da literatura mundial, sexa no da literatura comparada, resulta un sistema fundamental [...] reestabelecendo unha orde no caos”. Frank Wollman, *K metodologii srovnávací slovesnosti slovanské*, Brno: Masarykova universita, 1936, p. 101.

“defecto” intrínseco do seu método. Ese método baséase explicitamente na poética histórica, pero o autor se atopa aínda así na situación de deber traizoar a súa controlabilidade material. (Para a poética histórica o carácter procesual da literatura deriva da relación entre o “estilo” hexemónico do período e o desenvolvemento do xénero literario: este último intenta subverter o estilo hexemónico do período e introducir cambios. Unha serie de cambios crea unha área literaria, un campo específico de comunicación interliteraria, que debe ser respectado. Este campo literario tece relacións con outras áreas específicas, unha rede de unidades específicas que representa aquela unidade autocontraditoria que é chamada literatura mundial). O elemento que produce os mencionados cambios das características do período literario, en substancia un “mecanismo” apto para facilitar e estimular as reproducións de certos valores artísticos, foi sempre de natureza “material”. Baste lembrar “le sujet schématisé” de Veselovskij, “os procesos” dos formalistas, “as expresións” dos seguidores de Croce e da fenomenoloxía ou “as categorías” ou “o xénero” de Bakoš. Bakoš afirma explicitamente que as categorías expresivas, por exemplo, a relación entre o esquema métrico e o ritmo do verso, a rima, os usos formais da poesía e da narrativa, foron sempre os primeiros en reclamar a necesidade de cambio nos momentos de crise dos canons que subsisten¹². Agora, en nome da complexidade da imaxe sintética da xénese, o noso autor vese obrigado a considerar categorías capaces de producir cambios no período literario, incluídas aquelas que se sitúan fóra da “forma” (que “non advirten” a necesidade de cambio como as outras): a obra literaria, o autor, a xeración literaria, a liña ou corrente literaria, as ideas do período, a orde social, as circunstancias históricas, políticas, estatais. Esta transgresión dos límites “expresivos”, operada por Ďurišín no seo da “poética histórica”, é discutíbel, porque ao introducir cate-

¹² “O estilo hexemónico do período en canto expresión dunha actitude e dunha sensibilidade elabora os usos característicos da composición, dunha utilización axeitada 'do material construtivo', dos medios expresivos e representativos, das técnicas lingüísticas e no nivel da composición [...] Algúns destes usos expresivos, por exemplo a forma do verso, o campo do ritmo da poesía, reflicten con moita sensibilidade e inmediatamente a relación do poeta coa realidade, polo que é manifestación de que os cambios no estilo se verifican como cambios de sensibilidade vital. Na composición da obra de arte propiamente a organización rítmico-sintáctica sinala marcadamente cada cambio da relación entre poeta e realidade [... mentres que é unha constante dos períodos tranquilos...] Viceversa, cando comeza unha crise e están a piques de xurdir novas tendencias na literatura, entre os campos o do ritmo é un dos primeiros en adoptar novos impulsos... Nese momento os poetas comezan a ser máis conscientes das cuestións do verso, as cales se converten en área dunha loita aberta, das polémicas violentas, o sentido das cales é abrir aos poetas novos camiños que correspondan á nova actitude ideal”. M. Bakoš, “K otázkam periodizácie literárnych dejín”, en *Literárna história...*, op. cit., pp. 115-117.

gorías extraliterarias resulta comprometida a índole estrutural (inmanente) das regras do proceso (que son categorías histórico-literarias vencelladas a unha facultade sincronizante). De calquera xeito, a validez ou non desa ampliación das categorías da poética histórica será sempre considerada lexítima non por si mesma, senón referida ao seu éxito: unha imaxe tanto máis completa dos presupostos xenéticos dos cambios acontecidos nunha parte da literatura mundial. (E, por outra parte, está a admonición de Tinianov, de Eichenbaum, dos estruturalistas... segundo a cal a historia da literatura non se dá sen as relacións da liña literaria con aquelas extraliterarias).

Sexa como for, é propio de Ďurišin a súa polémica constante e tenaz con cada un e con todos. Non ambiciona un recoñecemento “por proximidade” a este ou aquel “gran concepto” ou “gran teórico”. Non lle importa ser esquecido se tivese que ver reducida a dignidade da por el defendida e sostida exhaustividade das imaxes da xénese dos procesos literarios en canto obxecto da teoría da interliterariedade. Baixo tal enfoque o obxectivo da teoría da interliterariedade é o de propor un “tableau” articulado e ben estudado das categorías interliterarias¹³ (ofrecer confirmacións que son históricas e demostrar os límites de difusión, de transformación e de inmanencia). Os seis volumes das *Communautés interlittéraires spécifiques*, coordinados por el, poden ser considerados unha mostra de tal estudo. Se non aceptamos esta invitación á profundización dos instrumentos de traballo dun historiador da interliterariedade, as consecuencias son fatais, sobre todo a bifurcación do comparatismo entre un nacionalismo ampliado ou exportado e un cosmopolitismo en aparencia amábel pero que ofende a moitos polo seu ahistoricismo. Sobre isto polemiza non só coa tradición francesa e americana, senón tamén con V. Žirmunskij, tan venerado en Occidente por ter descuberto ou proposto un modelo tetrapartito de como concibir e tratar os contactos “xenéticos” e as analoxías tipolóxicas, ou sexa, dous tipos de modelos posíbeis, entre os cales un feito literario funda xeneticamente a súa propia existencia (“xenética”, “procesual”). De feito, a escola soviética (N. I. Konrad, I. G. Neupokojeva, B. G. Reizov), a pesar da súa descendencia do formalismo e de Veselovskij, aínda a mediados dos anos setenta ve como o obxecto da interliterariedade a procura

¹³ Por exemplo, a táboa de categorías presentada en D. Ďurišin (ed.), *Osobitné medziliterárne spolocenstvá II / Les Communautés interlittéraires spécifiques II*, Bratislava: Veda, VSAV, 1991, pp. 56-57; e en D. Ďurišin, *Teória medziliterárneho procesu I / Théorie du processus interlittéraire I*, Bratislava: ÚSL SAV, 1995, pp. 38-39.

das relacións entre as diversas literaturas nacionais, e en vez de comunidades interliterarias fala de comunidades literarias internacionais, etc.

Realmente é fatal aceptar unha división en dúas categorías: o nacional (internacional) contra o a-nacional. Unha aproximación respectuosa da natureza da literatura debe ter como obxecto a investigación do proceso, é dicir, da xénese das categorías procesuais no seo dunha configuración das categorías hexemónicas precedentes. E por ter tal obxecto, o estudo é denominado interliterario, porque aquelas relacións e aquelas categorías maioritariamente teñen unha procedencia interliteraria (como cando U. Eco fala dos semas como átomos flotantes libremente no universo para ser capturados, magnetizados temporalmente por sememas ou por campos semánticos). Se en vez de basearse nesta interliterariedade se acepta o binomio “nacional/a-nacional”, atopámonos prisioneiros da recollida de “feitos” comparados e das concatenacións causais por eles despregadas. Porén, o obxectivo dos investigadores da interliterariedade é o estudo de como os feitos se transforman historicamente en regras de desenvolvemento para despois converterse en “feitos”, substituídos por outras regras, e todo isto en relación coa periodización válida na literatura nacional, nunha comunidade interliteraria e por relación ao concepto de mundialidade.

98

A Ďurišin sérvelle de modelo (á parte da literatura rusa) sobre todo a literatura eslovaca: a miúdo, sobre todo nos períodos máis remotos, é necesario estudar con detención incluso a situación búlgara, croata, etc., para chegar a saber de onde proceden os modelos, é dicir, cal é a existencia xenética dos fenómenos literarios eslovacos. A miúdo nun autor descóbrese en parte a tradición local, en parte descóbreselle seguidor dunha corrente internacional; pero sobre todo, desde o Medievo até o século XX a inmanencia das liñas de desenvolvemento descóbrese a miúdo a treitos, nos períodos socialmente máis favorábeis: e descóbrese en etapas, cando, co tempo, se atopa un novo texto manuscrito, ou/e cando pasan as condicións desfavorábeis que non permiten unha interpretación exacta da existencia xenética do fenómeno literario. E afróntase o feito de que varias correntes flanquean correntes análogas da literatura checa, croata, polaca e se revela a confluencia de dúas ou máis literaturas como criterio de valoración do proceso, máis apropiado que o nacional-literario. Pero isto vese durar por un período limitado e despois ten lugar a reanudación do criterio nacional, ou ben a concatenación de ambas as posibilidades, e redescóbreanse certos ritmos dos eslavismos, comezando no Medievo, e todo isto vehiculado polas poéticas, polo aspecto tematolóxico, a

miúdo por un sentimento de pertenza común dos eslovacos cos outros eslavos e, incluso por formas expresivas precisas, mentres que a cultura (o canon) se ve como autonomamente nacional, ou viceversa. Pero sobre todo recoñécese que ao reconstruír todo ese movemento cada texto literario ten a súa parte en canto contribución específica e se recoñece que aquelas oscilacións son ao mesmo tempo formas de integracións da literatura eslovaca nunha imaxe da mundialidade, vixente no período. En suma, esta complexidade da mesma xénese dos fenómenos literarios eslovacos e ao mesmo tempo da súa reconstrución sobre o transfondo nacional, interliterario e mundial fai da historia literaria un obxecto dignísimo da teoría interliteraria: e suponse unha analoxía en calquera lugar do mundo no que sexa formulado o proceso literario como obxecto de coñecemento (en canto expresión suprema da comunicación social). Por esta presuposta analoxía da condición histórico-literaria, o noso autor dedicouse a redefinir a teoría interliteraria.

Desafortunadamente, a historiografía literaria a finais do século XIX estudou sobre todo os grandes autores para expresar o concepto da nacionalidade como seo no que madura o mellor da literatura xeral. A investigación supranacional en Occidente, en vez de dedicarse a salvar “a xeralidade” dos procesos literarios, converteuse nunha disciplina autónoma coa denominación de “literatura comparada”. Así verificanse algúns inconvenientes que marcaron todo o século XX. En primeiro lugar, cedeuse o paso á nacional-literariedade como disciplina que se ocupa dos mananciais máis profundos e específicos do que sucede no campo literario; en segundo lugar, a historia nacional-literaria renunciou a perseguir a existencia xenética do obxecto literario sen discriminar se esa existencia é nacional ou universal (dado que o campo supranacional incumbía á literatura comparada) e a mundialidade da xénese dun fenómeno literario foi fixada como algo distinto con respecto á inmanencia nacional-literaria ou interliteraria do mesmo fenómeno e finalmente a existencia xenética mundial dun fenómeno literario viuse esmagada como “existencia” comparada: como semellanza ou analoxía con outro fenómeno (outros fenómenos). En vez de estudar a xénese (é dicir, a procesualidade nun sentido formalista) dos fenómenos literarios de xeito sintético, é presentada como un resultado consistente nun conxunto de datos comparados: o máis profundo na maneira máis superficial, o que é verdadeiramente desalentador.

Sensíbel a esta condición de mal augurio para o futuro da disciplina, Đurišin non discrimina entre Brunetière, Van Tieghem, Pichois, Rousseau,

Remak ou outros, porque de que progresos pode falarse entre un e outro se en todos, como xa foi visto para o caso dos soviéticos, pode apreciarse unha definición da literatura comparada como “investigación das diversas literaturas (nacionais) nas súas relacións recíprocas” (“L’objet de la littérature comparée... est essentiellement d’étudier les oeuvres des diverses littératures dans leurs rapports les unes avec les autres”¹⁴). Esta definición da “literatura comparada” de Van Tieghem foi repetida vinte anos despois por M. F. Guyard como “historia das relacións literarias internacionais” e aínda por J. M. Carré, quen na literatura comparada ve

unha liña da historia da literatura que se ocupa das investigacións das relacións internacionais espirituais que existían entre Byron e Pushkin, Goethe e Carlyle, entre Walter Scott e Vigny, entre as obras, motivacións e incluso entre as vidas dos escritores pertencentes a diversas literaturas. Esta é unha toma de posición transmitida tamén por G. Pichois e A. Rousseau, autores do máis recente manual para os estudantes universitarios¹⁵.

Alí onde Van Tieghem coidaba que a dimensión comparatista abriría o camiño para que os fenómenos literarios puidesen ser concibidos na súa plenitude, co tempo esta plenitude, empregando o método comparativo, converteuse nunha banalidade:

Carré e Guyard introducen na literatura comparada a investigación das ilusións e das ideas nacionais e estudan baixo tal perspectiva por exemplo a fortuna nas novelas francesas de diplomáticos, cantantes, sacerdotes ingleses, etc. En termos semellantes procede H. H. H. Remak no libro *Comparative Literature; Method and Perspective*, e outros¹⁶.

A recriminación e ao mesmo tempo o sentido de desolación son formulados nos seguintes termos:

Estamos en situación de constatar que a división mecánica [do proceso literario — nota de P. Koprda] entre as relacións nacional-literarias, de competencia exclusiva da historia da literatura nacional, e as interliterarias [...] representa unha perturbación violenta do pensamento sobre a literatura, do proceso cognoscitivo da ciencia literaria. Os estudos, perturbados deste

¹⁴ Paul Van Tieghem, *La Littérature comparée*, París: A. Collin, 1946, p. 57.

¹⁵ Dionýz Ďurišín, *Oliterárných vzťahoch: sloh, druh, preklad*, Bratislava: Veda, Vydavateľstvo Slovenskej akadémie vied, 1976, p. 21.

¹⁶ *Ibidem*, p. 21.

xeito, deben rematar nunha canella sen saída, tanto no ámbito do comparatismo como no da historia literaria tradicional. Repensada nas súas consecuencias, esta perturbación fai imposíbeis os obxectivos gnoseolóxicos da ciencia literaria. Paraliza a ciencia literaria impedindo que formule os obxectivos que resultan da súa autonomía en canto ciencia e, nun certo sentido, impide que se descubran as relacións entre os fenómenos literarios dos dous campos citados, separándoos dun xeito impenetrábel¹⁷.

Dúas son as vías para remendar o dominio gnoseolóxico da ciencia literaria. Unha provisional xa foi mencionada: o recurso espontáneo da historiografía nacional-literaria aos dous campos, artificialmente separados, xerarquizando os compoñentes “transgresivamente”, sen respectar a fronteira. A outra: institucionalizar o modelo supremo da literatura mundial, superior con respecto aos dous campos artificiais, reestruturando as xerarquías. Soamente se esa literatura mundial é definida nos termos do proceso literario segundo o anunciou F. Wollman:

os artefactos de calquera xeito interconectados ou semellantes de todas as literaturas individuais; a relación entre os artefactos e o feito de seren semellantes pode ser explicado polos contactos ou por circunstancias político-sociais. O estudo comparado da literatura interésase só por este terceiro modelo de literatura mundial¹⁸.

101

Malia que esta definición aínda acusa a influencia de Van Tieghem, permítelle a Ďurišin pensar o fenómeno da *Weltliteratur*: como un principio ideal *ad quem* existente grazas ao feito de que o proceso literario é un proceso de integración (dos fenómenos dun sistema literario autocontraditorio); como un conxunto de categorías que se descobre que funcionan na xénese dos fenómenos literarios, un ideal a priori; o encontro de ambas as posibilidades. A literatura mundial como principio ideal non son as obras mestras, nin os conxuntos nacional-literarios, senón unha totalidade de criterios que actúan (“funcionan” como “procesos”) nun momento concreto como un único conxunto, subordinando a si mesmo calquera feito literario do período e facéndonos pensar que están interconectados todos os fenómenos literarios dun momento e espazo concreto a pesar das súas diferenzas. Invertendo a definición, preguntándonos “que feito literario forma parte da literatura mundial”¹⁹, chegamos a respon-

¹⁷ *Ibidem*, p. 24.

¹⁸ Frank Wollman, “Srovnávací methoda v literární vědě”, en *Zdejín československo - slovanských vzťahov. Slovanské štúdie II*, Bratislava: V SAV, 1959, p. 21.

¹⁹ Dionýz Ďurišin, *Co je svetová literatúra?*, Bratislava: Obzor, 1992, p. 37.

der: “Todos aqueles entre os cales existen vínculos recíprocos e analoxías, que por tanto na súa reciprocidade están en certo sentido condicionados na súa xénese e analoxía tipolóxica e convértense en sistema” (1992, *ibídem*). O canon das obras mestras e das grans vetas de desenvolvemento inmanente nacional-literario atópase subordinado a este criterio da mundialidade, democrático e valente porque atinxe a todos os fenómenos literarios.

Pero non se trata disto. Trátase de explicar que a literatura mundial é un “sistema ideal”, pouco preciso, conservado e feito valer polos estilos hexemónicos dos períodos, dos xéneros literarios, das memorias e vontades colectivas articuladas de diversos xeitos, e, porén, vixente na súa totalidade. Ďurišin tentou facelo en diversas ocasións. Aquí non hai espazo para os detalles. Substancial do sistema mundial non é a exactitude, senón a facultade de organizar os feitos literarios. Agora, se isto é válido, calquera feito literario forma parte da literatura mundial (en canto existencia obxectiva da literatura mundial). Podería dicirse que a literatura mundial é o momento onde se atopa a literatura mundial obxectivada coa literatura mundial en canto sistema ideal. Noutros termos, nada é irrelevante na investigación, porque esa investigación, aínda se indaga as relacións entre os fenómenos individuais da literatura, ten por finalidade inquirir a validez do sistema ideal da mundialidade nun momento e espazo dados. En poucas palabras, se o obxecto da interliterariedade é redescubrir a funcionalidade, nun momento concreto, do sistema ideal da literatura mundial, a interliterariedade en canto sistema científico debe extraer as oportunas consecuencias, organizándose a si mesma como obxecto conforme ao devandito obxecto.

Ao organizarse, non debe identificarse cos modelos fáciles e plausíbeis do proceso literario, nin sequera coa poética histórica de Bakoš que promete un coñecemento exhaustivo do proceso literario mundial —unha rede sincrónico-diacrónica de semellanza e diferenza reconstruída sobre todo a partir do estudo do desenvolvemento dos xéneros literarios que transformaron a poética hexemónica dos períodos individuais. Non se trata soamente dos xéneros, senón de todas as categorías do proceso literario. De todos os xeitos, é necesaria unha perspectiva profundamente histórica. Se a investigación se dirixe a valorar a capacidade do fenómeno literario en canto vehiculante dun certo desenvolvemento literario (e ao mesmo tempo condicionado por unha totalidade ideal de normas, é dicir, por unha pluralidade de fenómenos dos cales cada un concreta unha porción desta entidade ideal), este desenvolvemento é

visto como unha existencia xenética non só no momento do nacemento senón tamén en perspectiva diacrónica. Estas consideracións levaron a Ďurišin a formular o concepto das comunidades interliterarias específicas e outros conceptos que permiten ser fieis ao obxecto ideal do estudo interliterario que sería chegar a coñecer “a substancia xenética e tipolóxica do fenómeno literario no contexto que revela o desenvolvemento da literatura nacional pero tamén en correspondencia co dinamismo do proceso interliterario” (1976, cit., p. 31).

Se admitimos que a reconstrución do proceso e das súas regularidades sexa central, xorde a cuestión semiótica, a de establecer cunha investigación histórico-crítica os límites de difusión, de interrelación, de identidade de todas as categorías literarias; noutras palabras, a tarefa de localizar os límites máis aló dos cales non actúan historicamente as categorías literarias (máis aló dos cales non exercen a semiose). As “comunidades interliterarias específicas” e as outras categorías semellantes son unha expresión desa tarefa (e son, en canto tales, obxectivo de investigación). Pero non exclusivamente. Cambia de posición case todo o instrumental elaborado por Ďurišin antes desta “demolición” (ou simplemente abandono) da literatura comparada: tanto a “influencia” como a “recepción-creación” pasan a ser cuestión unicamente instrumental dun obxecto que xa é o descubrimento das vías que se abre a literatura “procedendo”; crece a función das analogías tipolóxicas, é dicir, das “asimilacións dos fenómenos diferentes”, porque estas fan ver os procesos a gran distancia, incluídos os intraliterarios, como advirte Lotman²⁰.

103

Pavol Koprda
Univerzita Konštantína Filozofa
Ústav svetovej literarúty, Slovenská Akadémia Vied

²⁰ Iuri M. Lotman, *La semiosfera*, Venecia: Marsilio, 1985, pp. 121 e seguintes.